



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
 Travesa dos Basquiños, 9, baixo
 15.704 Santiago de Compostela
 Tfno e fax: 981-570099
 Correo-e: adega@adega.info
 Páxina electrónica: www.adega.info

Achegas de ADEGA ao estudo de impacto e proxecto de execución do “20060677COS, ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES EN LA RIBERA DEL RÍO ULLA, Término Municipal de Dodro (A Coruña)”

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta ao estudo de impacto e proxecto de execución “20060677COS, ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES EN LA RIBERA DEL RÍO ULLA, Término Municipal de Dodro (A Coruña)” promovido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño) as seguintes,

ALEGACIONES

1. Sobre os impactos nos hábitats de interese comunitario

A zona afectada polas actuacións sitúanse na súa práctica totalidade (zona de actuación 2) dentro do LIC ES1140001 “SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA” e, de considerar tamén a proposta de ampliación presentada pola Xunta de Galiza en 2008 que, con respecto a este LIC pretendía pasar das 1.633,00 ha actuais a 3.287,41, isto é un alongamento do 101 %, todas as actuacións (zonas 1 e 2) afectarían integramente a espazos protexidos baixo a figura da Rede Natura 2000.

Tendo en conta que os principais impactos do proxecto, tal como apunta a Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN) da Xunta de Galiza na súa resposta (15/01/2008) ás consultas realizadas, serían as seguintes:

1) A apertura de accesos hoxe inexistentes ou non axeitados para el tránsito de vehículos a motor, cos correspondentes aparcadoiros. A DXCN apunta que debería minimizarse a posibilidade de acceso con vehículos a motor á zona protexida.

2) A construción de pasarelas e sendas de nova creación, que discurrirán por zonas hoxe inaccesíbeis ou de difícil acceso. A DXCN indica que debería evitarse o acceso incontrolado de visitantes nas zonas de xunqueira, actividades estas favorecidas pola construción das pasarelas e novos vieiros pavimentados.

3) A total modificación do terreno natural nas zonas previstas para a ubicación de aparcadoiros, zonas de lecer e, moi especialmente, a praia fluvial proxectada, cuxa construción, segundo indica a DXCN é desaconsellábel dende o punto de vista medioambiental e de conservación do espazo natural protexido.

4) A construción do pantalán e dos seus accesos, é tamén desaconsellábel dende o punto de vista medioambiental.

Non parece que as actuacións descritas anteriormente e posíbeis impactos derivados cadren coa definición de “actuación medioambiental”, máxime tendo en conta que os obxectivos das obras son, tal como se recolle na documentación do proxecto *“a mellora da comunicación lonxitudinal e transversal ao longo do río e a ubicación de puntos de encontro que servan tanto de atracción e recreo para a poboación da zona”*.

Debemos lembrar tamén que con respecto á función dun espazo protexido incluído na Rede Natura 2000 e ao papel das administracións competentes, a Directiva 92/43/CEE de Hábitats, é clara: *“As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva deberán garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorábel, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de que se trate na súa área de distribución natural”* (Art. 3.1), así como no Art. 6.2: *“Os estados membros adoptarán as medidas axeitadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, o deterioro dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaran a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan tener un efecto apreciábel no que respecta aos obxectivos da presente Directiva.”*

2. Sobre os impactos nas especies protexidas

A construción da *“Praia fluvial e zona de lecer, recreo e deportiva”* proxectada na zona de actuación 2, así como de xeito puntual as intervencións na zona 1, afectarán gravemente ao hábitat da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), catalogada como “en pegrigo de extinción” tanto no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) como no Libro Vermello dos Vertebrados de España. Os danos consistirían principalmente na eliminación física do hábitat de aniñamento e invernada, as interferenzas nas migracións, etioloxía e ciclo reprodutivo, a desnaturalización da contorna pola afluencia incontrolada de vehículos e visitantes, etc.)

Na zona de actuación localízanse unhas 10 parellas (datos do censo de Martínez Sabarís, 2009), o que supón aproximadamente o 3% da poboación total mundial desta subespecie.

As consecuencias desta actuación incidirían tamén sobre a calidade do hábitat da folosa acuática (*Acrocephalus paludicola*), ameazada de extinción a nivel mundial, xa que as brañas e ribeiras do Ulla constitúen unha importante zona de paso para a migración desta ave, considerada “vulnerábel” no CEEA (Catálogo Español de Especies Ameazadas).

Surpreendentemente, no EIA recóllese que “*a presenza tanto da escribenta das canaveiras como da folosa acuática é practicamente nula.*”

Asemade, e tal como apunta a SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) nas súas consideracións, degradaríase tamén de xeito irreversible os hábitats nos que tivo lugar a cuarta observación homologada no estado español do *Botaurus lentiginosus* (González *et al.* 2008).

3. Sobre as actuacións constructivas e as eventuais alternativas

Abonda con botar unha ollada á distribución orzamentaria do proxecto (2.136.946,21 €) para decatarnos de que a etiqueta de “actuacións medioambientais” dificilmente cadra coas actuacións propostas:

- Movementos de terras: 8,87 %.
- Pavimentación: 65,83 %.
- Equipamento e mobiliario urbano: 18,27 %.
- Sinalización: 3,77 % (con monolito e placa por importe de 7.710,55 €).
- Revexetación: 2,01 %.
- Servizos afectados: 0,01%.
- Varios: 0,55 %.
- Seguridade e saúde: 0,68 %.

Trátase, xa que logo, dun proxecto de “humanización” ou máis ben de urbanización (pavimentos, aparcadoiros, mobiliario urbano e sinais, aos que vai máis do 96% do orzamento) dun espazo protexido nas ribeiras do Ulla, burdamente camuflado baixo o paraugas dunha máis que discutíbel “actuación ambiental”, o que case podería constituir unha fraude de lei e, dende logo, un evidente insulto á intelixencia da cidadanía.

Polo mesmo, como tamén sinala a SGHN nas súas alegacións, o proxecto en ningún momento aborda os graves problemas ambientais deste espazo protexido, como por exemplo o control e erradicación dos vertedoiros incontrolados, a eliminación das verteduras urbanas e industriais directas, a erradicación das especies invasoras animais e vexetais, ou a prevención e loita contra os lumes forestais que periódicamente afectan a este espazo.

Algunhas actuacións son particularmente agresivas e innecesarias:

A proxectada senda peonil con base de grava, cubrición de formigón e cuberta de “lousa irregular” de 1,5 km e máis de 9000 m² de superficie e rematada con “bordillo de granito”

proxeitada para a zona 2, alén de penetrar nunha zona practicamente virxe moi próxima á canle do río, criará un “efecto encoro” represando as augas pluviais e as eventuais enchentes do río, impedindo a súa correcta dernaxe e formando amplas lagoas interiores semi-permanentes e paralelas á canle fluvial. A consecuencia desta actuación modificaranse radicalmente a características ecolóxicas das brañas de Dodro, precisamente o que unha administración nunca debería permitir nen fomentar dentro dun espazo protexido. No proxecto en ningún momento contemplouse como alternativa “branda” a peonización dos camiños de terra e pistas de concentración parcelaria, particularmente as máis próximas ao río e que como reconece o proxecto, carecen de utilidade agrícola ao abandonarse o aproveitamento das fincas.

Polo que respecta á praia fluvial e ao embarcadiro, alén do xa exposto cando avaliamos o seu impacto sobre as especies e os hábitats protexidos, temos que engadir agora a súa inutilidade. Contrariamente ao recollido na carpeta do proxecto como xustificación para esta actuación, isto é a “*carencia de servizo para as embarcacións recreativas*”, nun radio de 1 Km dende os límites das instalacións propostas (zonas 1 e 2) atópanse, augas arriba, na marxe dereita do Ulla, os pantaláns e piscina en Ponte Cesures e augas abaixo, tamén na marxe dereita, o pantalán e a praia fluvial de Valga e o pantalán e piscina de Catoira.

Por todo o anterior, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) SOLICITA que se teñan en conta as alegacións ao proxecto de cara a introducir as modificacións suxeridas tendentes a preservar e recuperar realmente os valores naturais do espazo protexido, abandonando definitivamente calquera pretensión “urbanizadora”

En todo caso, calquera actuación deberá realizarse baixo a tutela da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN) e contar co informe favorábel do Observatorio Galego da Biodiversidade, creado por Decreto 88/2007 do 19 de abril. Estas intervencións, como mínimo, deberían contemplar eliminación da praia fluvial; a eliminación dos aparcadoiros dentro do espazo protexido para minimizar o acceso de vehículos a motor; o replantexamento do sistema de sendas peonís aproveitando as pistas e os camiños de terra existentes e evitando a apertura de novas vías; a supresión do paseo de lousa; a reubicación do observatorio de aves, inservíbel ao ter preto áreas de lecer; a eliminación dos vertedoiros incontrolados e das verteduras ao río, a posta en valor dos elementos singulares do patrimonio etnográfico da contorna e a apertura dun centro de interpretación medioambiental fóra do espazo protexido.

De xeito particular, solicitamos que realice, baixo a supervisión da DXCN, un plano de acción contra as especies invasoras e un programa de conservación da escribenta das canaveiras, para facer desta especie o emblema da conservación desta valiosa área natural.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2010

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. DIRECTOR XERAL DE SUSTENTABILIDADE DA COSTA E DO MAR
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO**